

# NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE PRÉSTAMO

## CARNÉ DE LECTOR.

Para utilizar o servizo de préstamo a domicilio é necesario dispoñer do **carné do Instituto** ó que se lle incorpora un código de barras co número de usuario da Biblioteca. Éste debe solicitarse na Secretaría do Centro. O carné é persoal é intranferible e debe ser mostrado o persoal da Biblioteca sempre que sexa requerido. Este carné é **gratuito** para tódolos alumnos matriculados no IES de Sanxenxo.

Os demais usuarios (profesorado, persoal non docente, familias) poden solicitar un carné de lector que será igualmente gratuito.

As sucesivas copias do carné lector que solicite o usuario por perda ou deterioro **non** serán **gratuitas**.

## LIBROS.

Cada lector pode ter en préstamo ó mesmo tempo dous libros por un prazo de **quinze días** con dereito a renovación por outros quince días.

## MATERIAIS ESPECIAIS.

Discos compactos, DVD, CD-ROM, vídeos... prestarase un exemplar por un periodo de **sete días non renovables**.

Cada usuario pode ter como máximo dous documentos da Biblioteca en préstamo.

O retraso na devolución dos documentos penalizarase cun día sen préstamo por cada día de retraso na devolución de cada documento.

Se un alumno se demora sucesivamente na entrega dos documentos prestados, poderáselle aprazar a entrega do boletín de calificacións da avaliación correspondente, nin poderá participar en actividades extraescolares ou complementarias namentras non entregue os documentos requeridos, segundo está recollido no Regulamento de Réxime Interno do Centro (art. 58.5).

Os documentos con banda vermella son de consulta na sala. (xornáis, revistas, enciclopedias, dicionarios...)

O usuario é responsable do material que leve en préstamo, debendo responder do material perdido ou deteriorado (art. 58.5 RRI):

- a) Comprado un exemplar igual ó extraviado.
- b) Abonando o seu coste.

O usuario pode solicitar en calquera momento axuda o persoal da Biblioteca para a localización dun libro ou calquera outro material do fondo.

## DESIDERATA

Calquera lector pode propoñer á Biblioteca a adquisición das obras que considere necesarias cubrindo o impreso de Desiderata e introducindo no BUZÓN DE SUXESTIÓNS.